

## **REGULAMENTO POLO QUE SE APROBAN AS NORMAS REGULADORAS DO NOMEAMENTO DE PROFESORADO EMÉRITO E HONORARIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

O vixente artigo 54 bis da Lei Orgánica de Universidades, dispón que “as Universidades, de acordo cos seus Estatutos, poderán nomear profesores eméritos entre profesores e profesoras xubilados que prestaran servizos destacados á Universidade”. Deste xeito o lexislador básico estatal diferencia entre o “nomeamento”, acto administrativo que non supón o establecemento dunha relación laboral ou de servizo, e a “contratación” que, a diferenza do anterior, si envolve a constitución dunha relación laboral.

Os Estatutos da nosa Universidade, pola súa parte, aluden unicamente á contratación de profesores eméritos. De por parte, o Acordo do Consello de Goberno de 27 de marzo de 2012, regula o nomeamento de profesores honorarios que, segundo dispón expresamente esta norma, “non suporá ningún tipo de relación contractual, laboral ou administrativa coa UDC”. Nun contexto marcado polas dificultades financeiras e a limitación á contratación de novo profesorado, este regulamento persegue establecer un cadro legal estable regulador do nomeamento de profesorado emérito e honorario, refundindo normativa actualmente dispersa e acomodándoa á lexislación básica vixente.

### **TÍTULO I – DO PROFESORADO HONORARIO**

#### **Artigo 1. Do profesorado honorario**

A Universidade da Coruña poderá nomear profesoras e profesores honorarios aos profesores e profesoras xubiladas menores de 75 anos, que prestasen servizos destacados á Universidade, e que soliciten continuar vinculados á actividade docente e investigadora na UDC.

#### **Artigo 2. Dos requirimentos**

Os/as candidatos/as propostos/as para profesores/as honorarios/as deberán terse xubilados/as na UDC e reunir algún dos seguintes requirimentos:

- Ter avaliados positivamente ao menos 2 sexenios de investigación
- Ter dirixido ao menos 3 teses de doutoramento
- Ter sido investigador ou investigadora principal de, ao menos, 3 proxectos de investigación
- Posuír ao menos tres anos de antigüidade en labores de coordinación de títulos, coordinación de prácticum, coordinación de prácticas en empresas, coordinación de intercambio de estudantes, etc.
- Ter desempeñado de forma efectiva cargos de xestión durante, ao menos, tres anos.

### **Artigo 3. Da duración**

O nomeamento como profesor/a honorario/a será por períodos de dous anos renovables e non suporá ningún tipo de relación contractual, laboral ou administrativa, coa UDC. Finalizará de forma improrrogable ao se cumpriren os 75 anos de idade aínda que, a efectos honoríficos, teña carácter vitalicio.

### **Artigo 4. Do procedemento**

Os profesores e profesores honorarias/os serán nomeadas polo reitor previo acordo favorable do Consello de Goberno, a proposta do Consello de Departamento ou da Xunta de Centro.

## **TÍTULO II – DO PROFESORADO EMÉRITO**

### **Artigo 5. Do profesorado emérito**

Poderá ser nomeado profesor ou profesora emérito/a o persoal docente que, pertencendo aos corpos docentes universitarios, estea en situación de xubilación ou vaia xubilarse no curso académico en que se formule a solicitude.

### **Artigo 6. Dos requirimentos**

Para poder ser nomeado profesor ou profesora emérita debe acreditarse o cumprimento dos requirimentos seguintes:

- Ter prestado servizos destacados á Universidade durante un mínimo de vintecinco anos dos que, ao menos dez, se prestasen en servizo activo na UDC.
- Terse xubilado na UDC.
- Ter concedidos pola CNEAI un mínimo de tres treitos de avaliación positiva da súa actividade investigadora (sexenios).
- Ter dirixido ao menos 5 teses de doutoramento; ou ter sido investigador ou investigadora principal de, ao menos, 5 proxectos competitivos de investigación financiados con fondos públicos alleos á UDC; ou ter desempeñado de forma efectiva cargos de xestión na UDC durante, ao menos, oito anos.
- Non ter sido obxecto de sanción disciplinar firme.

Ter desempeñado o cargo de reitor ou reitora da UDC é condición suficiente para o nomeamento como profesor ou profesora emérita.

### **Artigo 7. Da duración**

O nomeamento de profesorado emérito terá unha duración de dous anos, renovables por períodos de igual duración entanto a persoa nomeada non cumprir os 75 anos de idade. En calquera caso, a efectos honoríficos, a condición de emérito/a terá carácter vitalicio.

### **Artigo 8. Do procedemento**

A solicitude, formulada pola persoa interesada, deberá ir acompañada dun curriculum vitae completo, dos pareceres favorables do centro e do departamento e dun plano de traballo comprensivo das tarefas a desenvolver polo profesor/a emérito/a durante os dous anos seguintes.

En calquera caso, o/a reitor/a poderá solicitar o nomeamento como profesor/a emérito/a de quen ostentase ese cargo con anterioridade.

O Consello de Goberno resolverá sobre as solicitudes presentadas, previo informe da COAP.

## **TÍTULO III - DISPOSICIÓNS COMÚNS**

### **Artigo 9. Do estatuto do profesorado emérito e honorario**

O profesorado emérito e honorario desenvolverá actividades de colaboración na docencia non regrada, de coordinación institucional e de investigación. De o permitiren as correspondentes convocatorias, poderá ser investigador ou investigadora principal de proxectos de investigación.

A actividade do profesorado emérito e honorario non se tomará en conta a efectos de cálculo ou reparto da carga docente nin tampouco para o reparto dos fondos propios de investigación da UDC.

Entanto non cumprir os 75 anos de idade, o profesorado emérito e honorario terá dereito a ter unha conta de correo electrónico da UDC e ao acceso pleno aos servizos de biblioteca e, previo acordo do centro, a un espazo de traballo nas dependencias da UDC. Tamén terán acceso ás actividades deportivas e culturais da UDC nas mesmas condicións fixadas para o persoal da Universidade.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Á entrada en vigor deste regulamento, fica derogada a Normativa de Contratación de Profesores Eméritos, aprobada polo Consello de Goberno o 14 de decembro de 2004, ben como o Acordo do consello de goberno do 27 de marzo de 2012 polo que se regulan as medidas incentivadoras para a xubilación voluntaria do profesorado dos corpos docentes universitarios da UDC

### **DISPOSICIÓN FINAL**

Este regulamento entrará en vigor o día a seguir da súa publicación oficial